

1 Líder

Bo Nadal,
felices festas
e próspero
2019



XUVENIL D. DE HONRA

RESULTADOS	
R. Oviado – Bansasder	1-2
At. Perinés – R. Ferrol	5-1
Colindres – TSK Rocas	1-0
Ural – Deportivo	2-1
Val Miñor – RC Celta	0-1
Pontevedra – R. Santander	0-4
Sp. Gijón – Alondras	1-0
CD Lugo – Covadonga	1-1

CLASIFICACIÓN

Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
RC CELTA	44	18	14	2	2	43	15
SPORTING GIJÓN	43	18	13	4	1	58	14
R. SANTANDER	39	18	12	3	3	49	16
CD LUGO	34	18	10	4	4	34	22
URAL CF	32	18	10	2	6	36	27
REAL OVIADO	30	18	8	6	4	27	13
ATL. PERINES	29	18	8	5	5	32	33
RC DEPORTIVO	28	18	8	4	6	34	20
ED VAL MINOR	23	18	6	5	7	22	27
RACING FERROL	21	18	5	6	7	25	33
BANSANDER	20	18	6	2	10	21	39
TSK ROCES	18	18	5	3	10	18	38
CD COVADONGA	14	18	3	5	10	16	32
PONTEVEDRA CF	10	18	3	1	14	20	44
CD COLINDRES	9	18	2	3	13	7	36
ALONDRES CF	9	18	2	3	13	9	42

PRÓXIMA XORNADA

RC Celta - CD Lugo	R. Santander - At. Perinés
TSK Rocas - Val Miñor	Alondras - Pontevedra
Deportivo - Colindres	Covadonga - Sp. Gijón
R. Ferrol - R. Oviado	Bansasder - Ural CF

XUVENIL LIGA NACIONAL

RESULTADOS	
Val Miñor B – RC Celta B	1-5
CD Lugo B – Arosa SC	2-2
Porriño – Choco	6-4
Orillamar – Victoria CF	0-4
Pabellón – Deportivo B	0-1
Conxo – Calasanz	2-2
Sta. Mariña – R. Bouzas	2-0
RC Villalbés – CD Lézere	3-1
CD Aresoa – Valladares	3-2

CLASIFICACIÓN

Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
R.C. CELTA "B"	43	17	14	1	2	52	18
C.D. CALASANZ	37	17	11	4	2	31	16
VICTORIA C.F.	35	17	11	2	4	37	21
DEPORTIVO "B"	32	17	10	2	5	32	17
PABELLON C.F.	31	17	9	4	4	33	18
C.D. CHOCO	29	17	9	2	6	39	24
C.D. CONXO	29	17	9	2	6	41	33
R. VILLALBES	27	17	8	3	6	19	24
C.D. AREOSA	26	17	8	2	7	29	27
PORRINO C.F.	24	17	7	3	7	31	33
RAPIDO BOUZAS	20	17	5	5	7	17	19
VAL MINOR "B"	19	17	4	7	6	22	27
SANTA MARINA	18	17	5	3	9	22	24
VALLADARES	16	17	4	4	9	28	33
AROSA S.C.	16	17	4	4	9	16	27
C.D. LUGO "B"	14	17	4	2	11	22	41
ORILLAMAR S.D.	11	17	3	2	12	22	57
C.D. LEREZ	5	17	1	2	14	20	54

PRÓXIMA XORNADA

RC Villalbés - CD Aresoa	Porriño - Victoria
Sta. Mariña - CD Lézere	CD Lugo B - Choco
Conxo - R. Bouzas	Val Miñor B - Arosa
Pabellón - Calasanz	RC Celta B - Valladares
Orillamar - Deportivo B	

XUVENIL GALEGA NORTE

RESULTADOS	
As Pontes – G. Caranza	2-5
Residencia – Montañeros	0-4
Compostela – EF Lalin	0-6
Ural B – Conxo B	2-0
At. Arteixo – O Val	1-4
Victoria B – Betanzos	5-0
Estrada FB – At. Riveira	2-1
Bergantiños – Dumbria	1-1
Viveiro CF – Boiro	2-1

CLASIFICACIÓN

Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
E.F. LALIN	42	17	13	3	1	51	18
S.D. COMPOSTELA	39	17	12	3	2	37	19
S.D. O VAL	38	17	12	2	3	42	20
MONTANEROS C.F.	35	17	10	5	2	36	17
BERGANTINOS C.F.	32	17	9	5	3	32	15
ESTRADA FB	28	17	9	1	7	23	27
C.D. BOIRO	27	17	8	3	6	29	24
C.F. DUMBRIA	27	17	8	3	6	28	25
URAL C.F. "B"	26	17	7	5	5	34	24
VIVEIRO C.F. "A"	26	17	7	5	5	30	28
VICTORIA C.F. "B"	23	17	7	2	8	30	31
GAUCIA CARANZA	22	17	6	4	7	34	34
C.D. CONXO "B"	22	17	6	0	11	27	28
S.D. RESIDENCIA	15	17	4	3	10	26	39
C.D. AS PONTES	14	17	4	2	11	23	31
AT. DE RIVEIRA	10	17	3	1	13	31	64
BETANZOS C.F.	7	17	2	1	14	18	55
AT. ARTEIXO	4	17	0	4	13	20	52

PRÓXIMA XORNADA

Bergantiños - Viveiro CF	Compostela - Conxo B
Estrada FB - Dumbria	Residencia - EF Lalin
Victoria B - At. Riveira	As Pontes - Montañeros
At. Arteixo - Betanzos	G. Caranza - Boiro
Ural B - O Val	

XUVENIL GALEGA SUR

RESULTADOS	
Barco – Alondras B	0-6
Calasancio – Ourense CF	2-2
Coruxo FC – Vila Corpus	2-1
Ribadumia – Portonovo	2-0
Comesaña – Pabellón B	1-2
A Seca – AJ Lerez	0-0
Choco B – Monteporreiro	1-2
UD Ourense – Verin	9-0
Barbadás – Tomiño	2-1

CLASIFICACIÓN

Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
OURENSE C.F.	41	17	13	2	2	55	21
UD. OURENSE	39	16	12	3	1	44	14
MONTEPORREIRO	34	16	11	1	4	40	21
A.J. LEREZ	29	17	9	2	6	42	23
UD. BARBADAS	29	17	9	2	6	25	24
ALONDRES C.F. "B"	27	17	8	3	6	33	29
PABELLON "B"	26	17	7	5	5	45	27
A.D. TOMINO	24	17	7	3	7	42	42
C.P. CALASANCIO	23	17	6	5	6	22	25
CORUXO F.C.	22	17	6	4	7	29	30
C.D. RIBADUMIA	21	17	6	3	8	31	38
A.C.D. A SECA	20	17	6	2	9	30	33
A.D. VILA CORPUS	20	17	6	2	9	26	33
PORTONOVO S.D.	18	17	5	3	9	26	34
UD. COMESAÑA	17	17	5	2	10	28	41
E.D.C. VERIN	15	17	4	3	10	22	43
C.D. BARCO	14	17	4	2	11	20	54
C.D. CHOCO "B"	11	17	2	5	10	16	44

PRÓXIMA XORNADA

UD Ourense - Barbadás	Coruxo - Portonovo
Choco B - Verin	Calasancio - Vila Corpus
A Seca - Monteporreiro	Barco - Ourense
Comesaña - AJ Lerez	Alondras B - Tomiño
Ribadumia - Pabellón B	

CADETE DIVISIÓN HONRA

RESULTADOS	
Ourense CF – RC Celta	1-6
CD Lugo – Montañeros	3-2
Coruxo – R. Ferrol	1-2
Ural – Victoria	2-3
Pabellón – Deportivo	1-3
Conxo – Calasanz	2-1
Sta. Mariña – San Tirso	1-2
Bergantiños – Pontevedra	1-0
CD Aresoa – Val Miñor	0-2

CLASIFICACIÓN

Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
R.C. CELTA S.A.D.	45	17	15	0	2	71	12
R.C. DEPORTIVO	44	17	14	2	1	57	11
URAL C.F.	35	17	11	2	4	30	17
E.D. VAL MINOR	28	17	8	4	5	29	21
C.D. LUGO	27	17	8	3	6	35	26
PABELLON C.F.	27	17	8	3	6	32	23
SAN TIRSO S.D.	25	16	7	4	5	30	26
C.D. CALASANZ	25	16	7	4	5	21	21
PONTEVEDRA C.F.	24	17	8	0	9	29	28
C.D. CONXO	22	16	6	4	6	22	23
CORUXO F.C.	22	17	7	1	9	23	29
RACING FERROL	22	16	6	4	6	22	33
OURENSE C.F.	21	17	6	3	8	22	34
VICTORIA C.F.	19	17	6	1	10	22	36
SANTA MARINA	13	17	3	4	10	17	38
BERGANTINOS C.F.	13	17	3	3	12	10	42
MONTANEROS C.F.	9	17	2	3	12	12	42
C.D. AREOSA	7	17	1	4	12	20	46

PRÓXIMA XORNADA

Bergantiños - CD Aresoa	Coruxo - Victoria
Sta. Mariña - Pontevedra	CD Lugo - R. Ferrol
Conxo - San Tirso	Ourense CF - Montañeros
Pabellón - Calasanz	RC Celta - Val Miñor
Ural - Deportivo	

CADETE GALEGA NORTE

RESULTADOS	
San Tirso B – G. Caranza	0-1
Dumbria – RC Villalbés	1-3
Bertamirans – Orillamar	1-0
Ural B – X. Orosco	1-1
Deportivo B – R. Ferrol B	0-1
Victoria B – Calasanz B	0-2
Estrada – Milagrosa	2-1
Bergantiños B – CD Lugo B	2-1
Viveiro CF – EF Lalin	1-1

CLASIFICACIÓN

Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
R.C. CELTA S.A.D.	49	17	16	1	0	44	11
X. OROSCO	42	17	13	3	1	58	18
RACING VILLALBES	36	17	11	3	3	35	18
DEPORTIVO "B"	34	17	10	4	3	41	13
GAUCIA CARANZA	29	17	9	2	6	39	19
C.F. DUMBRIA	29	17	9	2	6	27	25
BERGANTINOS "B"	28	17	8	4	5	25	17
C.D. CALASANZ "B"	27	17	7	4	6	23	19
ESTRADA FB	25	17	7	4	6	24	31
SAN TIRSO S.D. "B"	22	17	6	4	7	24	25
VIVEIRO C.F. "A"	22	17	5	4	8	24	31
CD LUGO "B"	19	17	6	1	10	21	35
R. FERROL "B"	19	17	5	4	8	17	33
URAL C.F. "B"	18	17	5	3	9	18	23
S.C.D. MILAGROSA	14	17	4	2	11	18	42
EF LALIN	13	17	3	4	10	19	35
VICTORIA C.F. "B"	7	17	2	1	14	12	32
ORILLAMAR S.D.	6	17	2	0	15	9	51

PRÓXIMA XORNADA

Bergantiños B - Viveiro	Bertamirans - X. Orosco
Estrada FB - CD Lugo B	Dumbria - Orillamar
Victoria B - Milagrosa	San Tirso B - RC Villalbés
Deportivo B - Calasanz B	G. Caranza - EF Lalin
Ural B - R. Ferrol B	

INFANTIL GALEGA NORTE

RESULTADOS	
Imperator – Milagrosa	6-0
Residencia – Montañeros	0-1
Bertamirans – EF Lalin	7-1
Ural – Conxo	2-3
Deportivo – R. Ferrol	5-0
Victoria – Calasanz	0-0
X. Orosco – At. Riveira	3-0
Bergantiños – CD Lugo	1-1
G. Caranza – San Tirso	1-3

CLASIFICACIÓN

Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
R.C. DEPORTIVO	51	17	17	0	0	115	7
BERTAMIRANS F.C.	46	17	15	1	1	75	14
X. OROSCO	37	17	12	1	4	77	16
VICTORIA C.F.	35	17	11	2	4	50	33
URAL C.F.	34	17	11	1	5	34	21
MONTANEROS C.F.	28	17	8	4	5	37	30
RACING FERROL	28	17	9	1	7	32	40
C.D. LUGO	27	17	8	3	6	38	27
SAN TIRSO S.D.	26	17	7	5	5	31	23
C.D. CONXO	22	17	6	4	7	30	45
C.D. CALASANZ	20	17	5	5	7	25	38
E.F. LALIN	20	17	6	2	9	35	55
BERGANTINOS C.F.	18	17	5	3	9	22	30
GAUCIA CARANZA	18	17	6	0	11	34	53
AT. DE RIVEIRA	13	17	4	1	12	25	65
IMPERATOR D.A.R.	12	17	4	1	13	26	62
S.D. RESIDENCIA	7	17	2	1	14	5	89
MILAGROSA	0	17	0	2	17	11	64

O Lugo olvidouse dous puntos que lle rabuñou o Covadonga

SUPERIORIDADE LUCENSE durante gran parte do partido, pero un gol no treito final do cadro asturiano valeu o empate

Empate duro de dixerir polo Lugo ante o Covadonga na Cheda no último encontro do 2018 para os de Álex Antón na División de Honra xuvenil.

Lonxe de acusar a remontada do Sporting de Xixón a pasada xornada neste encontro, o Lugo tivo unha boa posta en escena, marcada polo cambio de debuxo táctico pasando a tres centrais para igualar o sistema de xogo do Covadonga, a posición de Dani Real como nove e sobre todo polo un a cero, que chegou nada máis empezar.

Aos cinco minutos o Lugo xa fixera o máis difícil, romper o entramado defensivo do Covadonga tras bater Dani Real ao porteiro asturiano no man a man tras un bo pase ao espazo de Álex Ramos.

O partido tranquilizouse, tal vez en exceso, pero o Lugo foi quen propuxo máis xa que o Covadonga non variou nada a súa formulación a partir do un a cero. Un marcador que puido ampliar de novo Dani Real nunha acción na que case lle rouba a carteira a un defensa e ao porteiro rival, que quería deixar saír o balón por liña de fondo pero o punta



Árbitro: Javier Pérez Prado. Campo: Municipal de A Cheda - Lugo

“Non pechar o partido penalizounos con dous puntos no treito final do encontro” **ÁLEX ANTÓN** CD Lugo

lucense case conecta un remate a porta baleira. As ofensivas do Lugo na primeira parte resúmese en centros de Dani Vidal e Casariego sen atopar remate, polo que a ocasión máis clara antes do descanso foi para o Covadonga cun penalti por man de Héctor dentro da área, pero tralo lanzamento chegou a parada de Brais, que se mostrou moi seguro ao longo do encontro.

O axustado un a cero no marcador ao final da primeira parte deixaba todo por decidir no segundo

tempo, no que o Lugo foi acumulando ocasións sen finalizar.

As máis claras por medio de Schuster, tras un centro de Álex Ramos, e varias internadas por ambas bandas que non atoparon rematador.

Dani Real estivo a piques de volver asinar o segundo nunha acción na que, tras regatear ao porteiro asturiano, quedouse sen ángulo para enviar o balón ao fondo das mallas.

Co paso dos minutos o Lugo esqueceuse de sentenciar o encontro e iso mantiña con vida a un

4º

NA TÁBOA CON 34 PUNTOS tras este empate e a vitoria dos tres primeiros clasificados, o Racing de Santander vaise a cinco puntos, o Sporting a 9 e o Celta de Vigo a 10

2019

ARRINCA NA MADROA

O primeiro partido do ano novo para o Lugo será na praza máis esixente da competición, xa que viaxan a Vigo para medirse co líder, o Celta



Martín medíndose cun xogador asturiano pola banda



Dani Real, que arrincou de nove, nun lance do xogo



Brais detendo un penalti na primeira parte do encontro



Raúl Antas entre dous xogadores do Covadonga

todas as **fotos** da xornada na web
www.liderlugo.es



@Lider_Lugo



Lider



@LiderRedaccion



Unha volta de notable alto

O RÁcing VILLALBÉS CHEGA AO ECUADOR DA LIGA con media permanencia asegurada tras sumar 27 puntos e con Cholas sacándolle o máximo partido ao plantel

RC VILLALBÉS	3	1	CD LÉREZ
Goles: Abel, Herrero e Noel		Gol: Joel	

Arbitro: Saúl López, Gonzalo Gómez, Óscar Cabañas Campo: Roca

Os 27 puntos ao final da primeira volta, sobre todo tendo en conta os numerosos contratempos que sufriu o persoal con baixas de última hora e especialmente con lesións como a do seu xogador franquicia, Moreda, que tan só puido disputar oito encontros, é para estar máis que satisfeitos coa primeira volta asinada polos de Cholas.

O patrón de xogo instalado no Rácing Villalbés segue dando labazadas aos tópicos do fútbol combinativo. O Rácing volveu pegar un golpe encima da mesa desde os primeiros minutos cun fútbol serio, sobre todo en defensa e sen complicacións, co que

OS MELLORES

RC VILLALBÉS

ANIDO

NOEL

ABEL



Abel a punto de gañarlle a partida a dous defensas rivais ante a mirada de Cholas

meteu en problemas ao Lérez desde os primeiros minutos de xogo.

O un a cero non se fixo agardar e chegou aos nove de xogo cunha vase-lina de Abel tras facerse cun balón longo e bater ao porteiro visitante no man a man.

O gol reforzou a for-

mulación local e o Rácing, partindo desde o repre-gamento, tivo un goteo constante de ocasións á contra por medio de Abel e Herrero. Precisamente este último ampliou a conta pasada a media hora de partido ao culminar unha parede con David cun letal disparo cruzado.

Xusto antes do descanso, o Lérez volveu soñar cos puntos cun golpeo de falta directa que se coou polo ángulo da portería defendida unha vez máis por Clemente.

O dous a un co que se chegou ao descanso era unha renda moi curta para os chairegos, pero

“Acabamos de la mejor manera la primera vuelta. A trabajar duro para intentar mejorar en la segunda”

CHOLAS RC Villalbés

o Rácing non variou o patrón de xogo nin se puxo nervioso en ningún momento. O Lérez chocou coa solvencia defensiva dun Villalbés que puido sentenciar o partido por medio de David e Anido, pero a guinda ao pastel púxoao Noel noutra acción marca da casa ao rematar un saque de esquina lanzado por Anido.

Ao final despedida de 2018 no Roca con boas sensacións tras asinar oito vitorias, tres empates e seis derrotas nas 17 xornadas disputadas.

O Lugo B deixou con vida ao Arousa e pagouno co empate

OS LUCENSES ADIANTÁRONSE EN DÚAS OCASIÓNS no marcador pero non puideron desfacer a igualada final pese a xerar ocasións suficientes



Rubén saíndo airoso da presión de dous defensas rivais

CD LUGO B	2	2	AROSA SC
Goles: Yago e Juan Carlos		Goles: Bruno e Ángel	

Arbitro: Jesús López, Brais García, Abdelouadoud Boutzakate Campo: A Reigosa

Ao Lugo B escapáronse-lle dous puntos de ouro na Reigosa, ata onde se des-pazaron os de Mourelas para recibir ao Arousa no último encontro do 2018 e o último dunha primeira volta para esquecer.

Os lucenses, de novo con David Guitián como reforzo, tiveron unha boa posta en escena e froito diso Yago inaugurou o marcador aos cinco minutos tras facerse cun balón ás costas da defensa visitante. Acto

“Perdoamos demasiado e o rival sacou un punto da nada ao remate do encontro”

CASTRO CD Lugo B

seguido o propio Yago dis-puxo dunha clara ocasión para o dous a cero, pero a contundencia púxoao o Arousa ao empatar o partido por primeira vez na súa primeira chegada con certo perigo, tras unha falta lateral colgada á área sen aparente perigo pero que terminou cun remate a porta baleira.

Esta acción sacou un

4

CAMPOS DE LOCAL

Tras debutar no Municipal da Reigosa en Friol, o Lugo B xa disputou esta tempada encontros como local na Fonte de Cospeito, no Corgo e na Cheda

pouco ao Lugo B do partido polo que, ata o descanso, as forzas igualáronse. Nos vestiarios o filial albi-vermello recuperou sensacións e saltou ao campo cunha boa presión en campo rival que propiciou o dous a un por medio de Juan Carlos tras unha gran acción de David Guitián na que bailou a dous defensas. De novo co partido baixo control, o Arousa exhibiu contundencia cunha acción desafortunada na que tras unha falta lateral a favor do Lugo, o porteiro visitante fixose co balón, sacou rápido e un xogador do Arousa pillou adiantado a Brais, que encaixou o segundo gol en practicamente a segunda ocasión de gol do Arousa.

De aí ata o final, o Lugo asediou a portería rival con ocasións por medio de Yago e Rubén, sen o premio do gol.

OS MELLORES

CD LUGO B

YAGO

VILA

PORTO

Punto de moito mérito

O CALASANCIO DESPEDIU O 2018 rabuñando un punto ante o líder destacado da Liga Galega xuvenil nas Instalacións Deportivas Álex Blanco



Arbitro: David Pérez, Borja Quiroga e Manuel Moure. Campo: Álex Blanco

“Punto valioso para despedir o ano sumando e pola entidade do rival ante o que o fixemos” RUBÉN NÚÑEZ CP Calasancio

O Calasancio despediu o 2018 sumando un valioso punto ante o gran dominador do grupo Sur da Liga Galega xuvenil ata a data, un Ourense CF que pese a empatar no Álex Blanco vaise ao parón de Nadal con sete puntos de vantaxe sobre o terceiro clasificado polo que ten pé e medio na Liga Nacional de manter na segunda volta esta dinámica.

O Ourense saltou ao terreo de xogo cun clásico 4-2, con dous puntos moi móbiles e que ían moi ben de cabeza, o que xerou certos problemas a un Calasancio que a base de axu-

das foi minimizando problemas. Ademais, aos sete minutos os de Rubén Núñez puxéronse por diante no marcador cun gol de Álex, ao rematar só un saque de esquina.

OS MELLORES

CALASANCIO
ÁLEX 2 2 2
JORGE 2 2
ANDRÉS 2

Aos poucos o Ourense foi exhibindo potencial e con iso poñendo en apuros a un Calasancio ordenado pero que viu como os visitantes dábanlle a volta ao marcador antes do descanso con dous goles. O empate a un tras unha acción individual e pase da morte e o segundo cun golazo dun xogador ourensán tras unha diagonal desde o



Nico co esférico correndo un contraataque | Dosi



Celebración dun dos goles do Calasancio no Álex Blanco | Dosi

centro do campo.

A segunda parte presentábase complicada, pero o Calasancio fixo uns segundos correnta e cinco minutos moi bos.

Jorge empatou a dous o partido cun golazo de volea á saída

dun córner, e Abel e de novo Jorge acariñaron o tres a dous antes de ter que defender con uñas e dentes o empate ante o arreón final do Ourense en busca do gol da vitoria.

Excesivo castigo para a Residencia na Cheda

DOUS TEMPOS moi distintos, igualdade inicial e pegada visitante no desenlace



“Nos viene bien este parón para desconectar, cargar las pilas y volver a tope” DANI GALÁN SDC Residencia

O parón de Nadal chega como auga de maio para unha Residencia bloqueada e á que os resultados non lle acompañan, especialmente na Cheda, onde os de Dani Galán suman todos os seus partidos disputados por derrotas, o último ante un Bo Montañeros que se levou os tres puntos cunha diferenza excesiva no marcador final.

Na primeira parte a Residencia estivo ben, con Pedro e Reigosa acaparando protagonismo no centro do campo, malia que como ao Montañeros, á Residencia faltoulle precisión e contundencia nos metros finais, de aí ao xusto empate a cero co que se chegou ao descanso.

Nada máis empezar o segundo tempo chegou o cero a un nunha acción a balón parado que sacaron rápido os herculinos pillando descolocada á defensa local.

Pedro tivo o empate cun disparo perigoso, pero acto seguido producíronse un cúmulo de contratempos que sacaron á Residencia do partido. Primeiro foi o cero a dous, tras un saque de esquina, e coa lesión de Ángel e Fer os de Galán fóronse do partido ata terminar encaixando un cero a catro demasiado avultado para o visto no terreo de xogo.



Cuarta vitoria consecutiva para un Viveiro que asinou un extraordinario mes de decembro con cinco partidos sen perder e sumando 13 dos 15 puntos en xogo.

Os de Antonio Serrano teñen agora por diante un parón que chega en peor momento que nunca. As festividades adóitanlle custar caro aos celestes, pero

Póker gañador do Viveiro

CUARTA VITORIA SEGUIDA dos de Antonio Serrano



Pablo Chao encabezaando ós xogadores celestes ao remate dun partido

nesta ocasión a boa dinámica invita a non desconectarse e volver en 2019 con ambicións.

Ante o Boiro o Viveiro foi sólido e máis xeneroso que nunca no esforzo colectivo. Aos tres minutos Macly forzou un penalti, pero o Viveiro non inaugurou o marcador. Si o fixo o Boiro pouco despois cun golazo

ao cuarto de hora na súa primeira aproximación clara aos dominios de Rubén.

Lonxe de virse abaixo, o Viveiro tirou de orgullo e empatou por medio de Jairo ao rematar este unha acción de Borja, mentres que Juan foi o encargado de darlle a volta ao marcador antes do descanso ao

OS MELLORES

VIVEIRO CF
BORJA 2 2 2
JUAN 2 2
GÓMEZ 2

“Estoy encantado con el juego sin balón de este equipo. Enhorabuena a todos”

ANTONIO SERRANO Viveiro CF

rematar un saque de esquina.

Pese a tomar o mando no marcador, o Viveiro mantivo a presión alta e grazas a iso puido ampliar a vantaxe nunha primeira parte de claro dominio celeste. Xa na segunda metade Antonio Serrano reforzou a zaga con defensa de tres centrais e o Viveiro apenas pasou por complicacións defensivas para sumar os tres puntos ante un Boiro que se presentou no Marcos Gómez cunha soa derrota nas últimas sete xornadas.




Borja nun remate co que estivo a piques de asinar o 3-2



Pérez na acción coa que asinou o un a cero nas Gándaras



Brian no remate de cabeza co que empatou o partido



O Lugo saldou unha conta pendente

CATRO MESES E 15 XORNADAS DESPOIS os de Martín Murado reencontráronse cos tres puntos nas Gándaras



Brian e Pérez celebrando o un a cero nas Gándaras

O Lugo despediu o ano saldando unha conta pendente nas Gándaras ao asinar a súa segunda vitoria neste recinto e a terceira como local no que vai de tempada. Ben é certo que os de Murado disputaron moitos partidos na Fonte, pero a anterior vitoria nas Gándaras foi na segunda xornada, ante o Victoria en setembro.

Ante o Montañeros o Lugo volveu ter un partido trampa. Os herculinos renunciaron ao balón desde o inicio e todo o peso

levouno un Lugo que tivo en todo momento un ollo posto nas perdas de balón e as contras visitantes. De aí a que a primeira parte terminase co cero a cero inicial.

Xa na segunda metade os lucenses fixeron o máis difícil, romper o cadeado e inaugurar o marcador. Fixoo Pérez nunha acción na que lle roubou a carteira á defensa e o porteiro visitante para marcar a pracer o un a cero.

Con todo, cando mellor pintaban as cousas o Montañeros asestou dous gol-

“Unha vitoria na casa que xa nos tocaba”

MARTÍN MURADO CD Lugo

pes consecutivos cos que o Lugo quedou tocado, pero non caeu á lona. Primeiro co empate na súa primeira ocasión e tan só tres minutos despois co momentáneo un a dous cun lanzamento de falta directa que, tras rebotar na barreira, despiñtouse a Demetrio.

Con menos de media

hora por diante o Lugo mantivo a calma e foise con descaro a polo partido con cambios moi ofensivos.

Brian asinou o empate ao rematar unha falta lateral lanzada por Samu e meteu ao Montañeros no seu campo. Os de Martín Murado non se conformaron co empate e envorcaronse en busca do gol da vitoria. Borja tivo un remate desde dentro da área pequena, pero sería Michi o que o asinara ao rematar un córner co tempo xa cumprido.

Ao 2019 dende o podio da Liga

O RÁcing VILLALBÉS sumou os tres puntos en Dumbria cos que os de Simón Lamas rematan a primeira volta no terceiro posto



Raúl López, autor do un a dous, nun partido no Roca

O Rácing Villalbés pechou o 2018 ao grande, cunha primeira volta na Liga Galega de matrícula de honra que deixa aos de Simón Lamas no terceiro posto da clasificación tras impoñerse ao Dumbria por un gol a tres nun novo recital de como levar a cabo a idea suscitada.

Desde o inicio do encontro o Rácing controlou o partido desde a solvencia defensiva. Ademais, os chaireiros inauguraron rápido o marcador co cero a un que asinou Raúl Cendán aos seis minutos tras aproveitar un rexeite.

O gol reforzou aínda máis



a formulación dun Villalbés que tan só tivo unha lagoa defensiva ao longo dos primeiros corenta minutos, cunha perda de balón no medio campo que supuxo unha contra e o momentáneo empate a un. Un marcador que durou

pouco, xa que antes do descanso Raúl López fixo o un a dous tras unha gran xogada individual.

Nada máis empezar o segundo tempo chegou o un a tres cun autogol, e a partir de aí o Villalbés tirou dunha gran solvencia defen-

“Seguimos medrando dende o traballo defensivo. Moi orgulloso do nivel que está demostrando o equipo. Bo Nadal para todo o fútbol lucense”

SIMÓN LAMAS RC Villalbés

siva que non deixou marxe para que o Dumbria puidese nin imaxinar con volver meterse na loita polos puntos.

Terceiro posto para un Rácing Villalbés que chega á segunda volta a seis puntos dun ascenso que por momentos empeza a imaxinarse no Roca.

OS MELLORES

RC VILLALBÉS

CADRA 2 2 2

NOEL T. 2 2

RAÚL L. 2

Un punto e seguido

O **VIVEIRO** sumou un punto que pese saber a pouco mantén a boa dinámica coa que os de Luchi comezarán a segunda volta



PUNTOS dos últimos nove en xogo para un Viveiro que reaccionou na Liga Galega cadete cando peor pintaban as cousas para os de Luchi



Xabi Boixet a piques de golpear o balón nun partido no Marcos Gómez

“Partido en el que se nos escaparon dos puntos injustamente” LUCHI Viveiro CF

O Viveiro, aínda que non puido sumar os tres puntos en xogo, despediu o 2018 confirmando as boas sensacións que deixou no último mes de competición, no que os de Luchi sumaron sete dos últimos nove puntos en xogo cos que chegan ao parón de Nadal cun bo colchón sobre os postos de descenso á Liga Autonómica.

Tralas vitorias nos derbis lucenses coa Milagrosa e o Lugo B, o Viveiro despediu o ano no Marcos Gómez ante o Lalin, que se levou parte do premio sen merecelo.

As formulacións foron claras desde os primeiros minutos nos que, como se supoñía, o Lalin cedeulle a iniciativa no xogo ao Viveiro esperando replegado para saír con velocidade sobre os seus dianteiros. O Viveiro asumiu o reto con gusto e xogou en campo rival con bo criterio e minimizando as perdas de balón para evitar as contras do conxunto visitante.

Tras varias chegadas con perigo o Viveiro rompeu o entramado defensivo visitante cun remate de Alex tras xogada

de Luis para chegar con un a cero ao descanso.

O guiño repetiuse na segunda parte, pero o Lalin tivo máis presenza en ataque xa que enlazaba cos seus tres xogadores ofensivos descolgados e liberados de labores defensivos. Con todo, cando máis preto parecía o dous a cero, o Lalin aproveitou unha contra para empatar o encontro. Con pouco

máis de vinte minutos por diante Luchi apostou pola vitoria con cambios ofensivos, metendo ao Lalin no seu campo de novo e xerando ocasións claras, sobre todo por medio de Luis e Trasi con cadanseu remate dende dentro da área, pero o Lalin resistiu o asedio e levouse un punto do Marcos Gómez no último encontro do 2018.

Mellores sensacións que resultado para despedir o ano

O **LUGO B** despediu o 2018 con deberes de cara ao 2019, no que estará en xogo a permanencia



Goles: Dani e Adrián polo Lalin; Nico polo Lugo B

Arbitro: Ángel Acuña Pereira

“Este é o camiño que debemos seguir de cara á segunda volta do campionato” SEQANE Lugo B

A falta de efectividade nos metros finais privou ao Lugo B de sumar algún dos puntos en xogo ante o Bergantiños en Carballo, nun partido no que os lucenses propuxeron máis pero a pegada correu a cargo do conxunto local.

O Lugo B deulle continuidade ao sistema de xogo con tres centrais, e desde os primeiros minutos os de Seane sentíronse cómodos, sobre todo ao inaugurar Nico o marcador co cero a un aos dez minutos nunha acción na que Luisito sacou rápido un córner e o central enviouno ao fondo das mallas.

Con todo, a alegría durou pouco xa que tan só catro minutos despois o Bergantiños empatou ao finalizar unha contra. Antes do descanso Manuel, cun remate de cabeza, e Leo cun man a man dispuxeron das ocasións máis claras para o un a dous. Un marcador que o Lugo B continuou buscando na segunda parte, pero unha falta afastada sen aparente perigo supuxo o dous a un tras un remate de cabeza. Con media hora por diante o Lugo B buscou e mereceu o gol dun empate que se resistiu ata o asubio final, propiciando unha nova derrota que aumenta os deberes dos albivermellos no parón de Nadal.



Goles: Iago e Alex polo A Estrada; Rafa pola Milagrosa. Arbitro: Rubén Calviño, René Fernández e Fernando Ponaque

A Milagrosa tivo a pólvora mollada na Estrada, onde os de Estrada deixáronse os tres puntos en xogo nun encontro no que ao longo dos oitenta minutos mereceron como mínimo puntual.

Os locais adiantáronse moi

Coa pólvora mollada

A **MILAGROSA** cedeu os tres puntos en xogo en A Estrada

“Generamos más y tuvimos ocasiones claras, pero el rival tuvo más acierto en los metros finales. Felices fiestas a todos!!!” MADRILES Milagrosa

pronto cun gol aos tres minutos na primeira chegada aos dominios de Borja.

A partir de aí os locais se replegaron e a Milagrosa tivo a iniciativa no xogo. Os lucenses armáronse de paciencia e minimizaron as perdas de balón ante un Estrada que esperaba a ocasión de roubar e saír á contra para poñer terra polo medio no marcador. Con todo, ao descanso chegouse con un a cero.

Xa na segunda parte Diego



O albivermello Mario nun encontro disputado na Frigsa

tivo dúas claras ocasións que non puido finalizar e o plan do Estrada executouse ao asinar o dous a cero tras unha contra a falta de tan só oito minutos para o final.

A Residencia non baixou os brazos e Rafa recortou distancias tras aproveitar o rexeite dun disparo de falta de Yago que se estrelou no poste.

A Milagrosa, con cinco minutos por diante máis o descanso, iniciou un asedio ante a portería rival que terminou sen derruba.

Con este encontro terminou o 2018 e a primeira volta na Liga Galega cadete. A Milagrosa debutará en 2019 cun partido vital ante o Victoria B na Coruña.

OS MELLORES

RC VILLAS

RAFA 2 2 2

RAÚL 2 2

PAJÓN 2

O Calasancio demóstrase a si mesmo que é competitivo

OS DE MANU RODRÍGUEZ encheron o depósito de confianza no último encontro da primeira fase e iniciarán a segunda con cinco puntos e metidos de cheo na loita pola permanencia



Youness foi un dos xogadores máis destacados | Dosi

O Calasancio pechou a primeira fase ao grande e presentárase á volta do parón coa moral chea tras sumar a súa vitoria máis contundente da tempada ante o Ourense nas Instalacións Deportivas Álex Blanco.

As boas sensacións que os monfortinos viñan deixando confirmáronse no marcador neste encontro, no que,

deron un recital de desgaste físico en grupo e no que tiveron a efectividade ante a portería rival que se lles negara ata agora.

O Calasancio saíu a presionar en campo rival e atopouse a gusto desde o inicio.

Nacho tivo a primeira ocasión, pero o un a cero chegou no ecuador da primeira parte tras unha boa presión de Díaz



Arbitro: Ramón Sánchez Pérez. Joel Lanzós e Jose Luis Quiroga. Campo: Álex Blanco

“A nivel anímico esta victoria es mucho más importante que los tres puntos en sí” MANU RODRÍGUEZ Calasancio

que desencadeou nun gol en propia porta.

Con vantaxe no marcador o Calasancio continuou xogando en campo rival e Denis apenas tivo que intervenir na primeira parte.

O mesmo guión mantívose na segunda parte, na que ademais chegaron tres goles.

Youness, tras un mes

practicamente inactivo, asinou dous goles que naceron en cadansúa acción de Cereijo, unha vez máis o mellor sobre o terreo de xogo. A guinda púxo a Nacho cun golazo desde a frontal da área para establecer o 4-0 e deixar ao Calasancio con 5 puntos cos que empezará a segunda fase.



Cereijo nun lance do encontro por diante de Juan | Dosi



Varios xogadores monfortinos celebrando un tanto | Dosi

TROFEO JORGE TATO XUENIL SUPERIORES			Regularidade XUENIL SUPERIORES			Pichichi CADETE SUPERIORES			Regularidade CADETE SUPERIORES			Pichichi INFANTIL SUPERIORES			Regularidade INFANTIL SUPERIORES		
Xogador	Equipo	G.	Xogador	Equipo	P.	Xogador	Equipo	G.	Xogador	Equipo	P.	Xogador	Equipo	G.	Xogador	Equipo	P.
CHRISTIAN	CD Lugo	8	ANXO	RC Villalbés	22	BRIAN	CD Lugo	12	LUIS	Viveiro CF	26	AYMAN	CD Lugo	12	CEREJO	Calasancio	22
ALEX RAMOS	CD Lugo	7	XABI B.	CD Lugo B	21	GABRIEL	RC Villalbés	11	CADRA	RC Villalbés	19	NACHO	Calasancio	6	MARCOS	Milagrosa	20
DAVID LÓPEZ	RC Villalbés	7	MACLY	Viveiro CF	16	LUIS	Viveiro CF	11	MIGUEL	SCD Milagrosa	19	MOHA	CD Lugo	6	ALVITE	Residencia	17
VELOSO	Residencia	6	JUAN	Viveiro CF	16	PÉREZ	CD Lugo	6	TRASI	Viveiro CF	19	PÉREZ	CD Lugo	6	GONZALO	Milagrosa	14
JAIRÓ	Viveiro CF	6	XOEL EJO	Viveiro CF	15	MANU	CD Lugo	5	YAGO	SCD Milagrosa	15	DANI	CD Lugo	4	HUGO	Milagrosa	14
JORGE	Calasancio	5	ANDRÉS	Calasancio	14	YAGO	SCD Milagrosa	5	BOIXET	Viveiro CF	15	CEREJO	Calasancio	3	MAEL	Residencia	14
DANI A.	CD Lugo B	5	GARCÍA	Residencia	14	TRASI	Viveiro CF	5	GABRIEL	RC Villalbés	13	DÍAZ	Calasancio	3	BUIDE	CD Lugo	12
YAGO	CD Lugo B	5	ÓSCAR	RC Villalbés	12	BORJA	CD Lugo B	4	DANI	RC Villalbés	13	MARCO	CD Lugo	3	MANU F.	CD Lugo	12
FONSECA	Residencia	5	NOEL	RC Villalbés	12	CADRA	RC Villalbés	4	CABADO	RC Villalbés	12	ALONSO	Residencia	3	LEO	Milagrosa	12
VIDAL	CD Lugo	4	JAIRÓ	Viveiro CF	12	IAGO GESTO	RC Villalbés	4	PAJÓN	SCD Milagrosa	12	BUIDE	CD Lugo	2	HUGO P.	Residencia	11
XABI B.	CD Lugo B	4	PORTO	CD Lugo B	11	DIEGO C.	SCD Milagrosa	4	MANEL	CD Lugo B	10	ANTÓN	CD Lugo	2	TONI	Calasancio	10
MOREDA	RC Villalbés	4	ABEL	Calasancio	10	SAMUEL	CD Lugo	3	GABI	RC Villalbés	10	ERIC	Residencia	2	NACHO	Calasancio	10
BATALLÓN	Residencia	4	JORGE	Calasancio	10	CASTRÍN	CD Lugo	3	RAÚL C.	RC Villalbés	10	YOUNESS	Calasancio	2	LAMUS	Calasancio	9
PABLO C.	Viveiro CF	4	ÁLEX	Calasancio	10	NODAR	CD Lugo B	3	XOEL IRIMIA	CD Lugo B	9	JAVI	Calasancio	1	DÍAZ	Calasancio	9
JORGE	Viveiro CF	4	IAGO	Calasancio	9	RAÚL L.	RC Villalbés	3	DENIS	SCD Milagrosa	9	MARIÑO	Calasancio	1	MOHA	CD Lugo	9
BORJA	Viveiro CF	4	RUBÉN	CD Lugo B	9	DENIS	SCD Milagrosa	3	ALEJANDRO	Viveiro CF	9	IKER	CD Lugo	1	BRAIS	Milagrosa	9
SERGI	Calasancio	3	MOREDA	RC Villalbés	9	BORJA	CD Lugo	2	NOEL T.	RC Villalbés	8	ROSÓN	CD Lugo	1	DAVID	Residencia	9
JORDI	Calasancio	3	BRAIS	Calasancio	8	GABRI	CD Lugo B	2	BRAIS	SCD Milagrosa	8	AHÍTO	Milagrosa	1	DENIS	Calasancio	8
GABARRE	CD Lugo	3	DANI A.	CD Lugo B	8	FREIRE	CD Lugo B	2	RAÚL	SCD Milagrosa	8	BRUNO	Milagrosa	1	CARMEN	Calasancio	8
CHUSTER	CD Lugo	3	XABI D.	CD Lugo B	8	LEO	CD Lugo B	2	NOVO	Viveiro CF	7	HUGO	Milagrosa	1	ROSÓN	CD Lugo	8
CONDE	Residencia	3	DAVID	RC Villalbés	8	MICHI	CD Lugo B	2	ÁLEX	Viveiro CF	7	RAÚL	Milagrosa	1	MARCO	CD Lugo	7
REIGOSA	Residencia	3	PABLO D.	Residencia	8	GABI	RC Villalbés	2	BORJA	CD Lugo B	6	JULIO	Residencia	1	B. VASCO	Milagrosa	7
MACLY	Viveiro CF	3	IVÁN	Residencia	8	DIEGO	RC Villalbés	2	IAGO G.	RC Villalbés	6	SAÚL	Residencia	1	NICO S.	Residencia	7
CARLOS	Viveiro CF	3	FONSECA	Residencia	8	RAÚL C.	RC Villalbés	2	CABARCOS	SCD Milagrosa	6	NICO F.	Residencia	1	IAGO	Calasancio	6
ABEL	Calasancio	2	PEDRO	Residencia	8	RAFA	SCD Milagrosa	2	ROBERT	SCD Milagrosa	6	MANU	Residencia	1	AMIN	CD Lugo	6
NICO	Calasancio	2	YAGO	Viveiro CF	8	JERICÓ	Viveiro CF	2	RAFA	SCD Milagrosa	6	XAVI	Residencia	1	RAÚL	Residencia	6
			BORJA	Viveiro CF	8	HUGUITO	Viveiro CF	2	PABLO	Viveiro CF	5	-	-	-	-	-	-

CLASIFICACIÓNS CATEGORÍA ALEVÍN

ALEVÍN 1º NORTE

RESULTADOS	
SD Viveiro A - P. Burela	2-1
Stgo de Foz - CD Lugo A	0-9

CLASIFICACIÓNS

Equipo	Pts	X	G	E	P
CD LUGO SADO "A"	21	8	7	0	1
SD VIVEIRO "A"	18	8	6	0	2
SD PORTO BURELA	7	8	2	1	5
SANTIAGO DE FOZ	7	8	2	1	5
RC VILLALBES "A"	6	8	2	0	6

FINALIZADA A
1ª FASE DA COMPETIÇÃO

ALEVÍN 1º SUR

RESULTADOS	
Milagrosa A - CD Lugo B	3-3
EF Polvorin - Sarriana A	1-2
Residencia A - Castro	4-3
Franciscanos - Ferroviaria	1-4

CLASIFICACIÓNS

Equipo	Pts	X	G	E	P
RESIDENCIA A	21	7	7	0	0
CASTRO	13	7	4	1	2
CD LUGO B	11	7	3	2	2
FERROVIARIA A	10	7	2	4	1
FRANCISCANOS	10	7	3	1	3
MILAGROSA A	8	7	2	2	3
SARRIANA A	4	7	1	1	5
POLVORIN A	1	7	0	1	6

FINALIZADA A
1ª FASE DA COMPETIÇÃO

ALEVÍN 2º NORTE

RESULTADOS	
Villalbés C - Viveiro B	3-2
Pontenova - Valadouro	10-3
Xove Lago - Mondoñedo	3-3
Villalbés B - Viveiro C	0-2

CLASIFICACIÓNS

Equipo	Pts	X	G	E	P
PONTENOVA	18	7	6	0	1
XOVE LAGO	16	7	5	1	1
VIVEIRO C	12	7	4	0	3
VILLALBES C	12	7	4	0	3
MONDOÑEDO	11	7	3	2	2
VIVIEIRO B	8	7	2	2	3
VILLALBES B	4	7	1	1	5
VALADOURO	0	7	0	0	7

FINALIZADA A
1ª FASE DA COMPETIÇÃO

ALEVÍN 2º SUR A

RESULTADOS	
Residencia B - Casás	8-0
Comercial - Sarriana B	2-1
Becerreá - Polvorin B	1-0
Fonsagrada - Ferroviaria B	5-2

CLASIFICACIÓNS

Equipo	Pts	X	G	E	P
RESIDENCIA B	21	7	7	0	0
BECERREÁ	16	7	5	1	1
POLVORIN B	15	7	5	0	2
FONSAGRADA	11	7	3	2	2
FERROVIARIA B	6	7	2	0	5
SARRIANA B	6	7	2	0	5
CASAS	4	7	1	1	5
COMERCIAL	3	7	1	0	6

FINALIZADA A
1ª FASE DA COMPETIÇÃO

ALEVÍN 2º SUR B

RESULTADOS	
Guitiriz - Ferroviaria C	12-1
Sagrado A - Corgo	2-2
Abuin B - Piringalla A	0-4

CLASIFICACIÓNS

Equipo	Pts	X	G	E	P
GUITIRIZ	15	6	5	0	1
PIRINGALLA A	15	6	5	0	1
CORGO	13	6	4	1	1
SAGRADO A	10	6	3	1	2
FERROVIARIA C	6	6	2	0	4
ABUIN B	3	6	1	0	5
SARRIANA C	0	6	0	0	6

FINALIZADA A
1ª FASE DA COMPETIÇÃO

ALEVÍN 2º SUR C

RESULTADOS	
Palas - Piringalla B	8-0
CP Lucense - Abuin A	2-4
Milagrosa C - Sagrado B	4-3
Monterroso - Antas	0-8

CLASIFICACIÓNS

Equipo	Pts	X	G	E	P
ABUIN A	21	7	7	0	0
PALAS	18	7	6	0	1
CP LUCENSE	12	7	4	0	3
MILAGROSA C	12	7	4	0	3
ANTAS	9	7	3	0	4
SAGRADO B	9	7	3	0	4
PIRINGALLA B	1	7	0	1	6
MONTERROSO	1	7	0	1	6

FINALIZADA A
1ª FASE DA COMPETIÇÃO

CLASIFICACIÓNS CATEGORÍA BENXAMÍN

BENXAMÍN 1º NORTE

RESULTADOS	
Ribadeo A - Villalbés A	1-5
Burela SD - Stgo de Foz	1-2
Lugo A - Porto Burela A	9-1

CLASIFICACIÓNS

Equipo	Pts	X	G	E	P
CD LUGO A	18	6	6	0	0
PORTO BURELA A	15	6	5	0	0
RC VILLALBES A	12	6	4	0	2
STGO DE FOZ	9	6	3	0	3
SD BURELA	6	6	2	0	4
SD VIVEIRO A	3	6	1	0	5
SD RIBADEO A	0	6	0	0	6

FINALIZADA A 1ª FASE
DO CAMPEONATO

BENXAMÍN 1º SUR

RESULTADOS	
Milagrosa A - Lugo B	5-3
EF Polvorin A - Sarriana	2-1
Residencia A - Lucense A	1-2

CLASIFICACIÓNS

Equipo	Pts	X	G	E	P
CP LUCENSE A	16	6	5	1	0
MILAGROSA A	12	6	4	0	2
SAGRADO A	10	6	3	1	2
RESIDENCIA A	10	6	3	1	2
CD LUGO B	7	6	2	1	3
SARRIANA	3	6	1	0	5
POLVORIN A	3	6	1	0	5

FINALIZADA A 1ª FASE
DO CAMPEONATO

BENXAMÍN 2º NORTE

RESULTADOS	
Villalbés C - SD Viveiro B	5-4
Ribadeo B - Valadouro	8-3
Burela B - Mondoñedo	2-4
Xove Lago - Ribadeo C	12-2

CLASIFICACIÓNS

Equipo	Pts	X	G	E	P
MONDOÑEDO	24	8	8	0	0
CD LUGO SADO "A"	21	8	7	0	1
RC VILLALBES "C"	15	8	5	0	3
PORTO BURELA "B"	15	8	5	0	3
SD RIBADEO "B"	12	8	4	0	4
SD VIVEIRO "B"	9	8	3	0	5
RC VILLALBES "B"	9	8	3	0	5
A.C.D. VALADOURO	3	8	1	0	7
SD RIBADEO "C"	0	8	0	0	8

FINALIZADA A 1ª FASE
DO CAMPEONATO

BENXAMÍN 2º SUR A

RESULTADOS	
M. Auxiliadora - Casás	3-7
Comercial - Abuin	1-10
Becerreá - Ferroviaria	3-5

CLASIFICACIÓNS

Equipo	Pts	X	G	E	P
FERROVIARIA A	18	6	6	0	0
CASAS	15	6	5	0	1
ABUIN	10	6	3	1	2
BECERREÁ	9	6	3	0	2
M AUXILIADORA	5	6	1	2	2
FONSAGRADA	4	6	1	1	4
SG COMERCIAL	0	6	0	0	6

FINALIZADA A 1ª FASE
DO CAMPEONATO

BENXAMÍN 2º SUR B

RESULTADOS	
Guitiriz - Ferroviaria B	7-3
EF Polvorin B - Corgo	3-3
Residencia B - Piringalla	1-2

CLASIFICACIÓNS

Equipo	Pts	X	G	E	P
GUITIRIZ	15	6	5	0	1
FRANCISCANOS	15	6	5	0	1
PIRINGALLA A	9	6	3	0	2
RESIDENCIA B	7	6	2	1	2
EF POLVORIN B	6	6	2	0	3
CORGO	4	6	1	1	3
FERROVIARIA B	0	6	0	0	6

FINALIZADA A 1ª FASE
DO CAMPEONATO

BENXAMÍN 2º SUR C

RESULTADOS	
Palas - Piringalla B	0-8
Milagrosa B - Sagrado B	2-3
Monterroso - Antas	2-4

CLASIFICACIÓNS

Equipo	Pts	X	G	E	P
CP LUCENSE B	14	6	4	2	0
ANTAS	14	6	4	2	0
SAGRADO B	9	6	3	0	3
MILAGROSA B	9	6	3	0	3
PIRINGALLA B	7	6	2	1	3
MONTERROSO	7	6	2	1	2
PALAS	0	6	0	0	6

FINALIZADA A 1ª FASE
DO CAMPEONATO

CLASIFICACIÓNS CATEGORÍA PREBENXAMÍN - ÚLTIMA XORNADA LIGA NORTE

PREBENXAMÍN 1º NORTE

RESULTADOS	
RC Villalbés B - Viveiro A	2-9
Ribadeo A - Stgo de Foz	5-5
Burela A - Ribadeo B	10-1
Xove Lago - Burela B	22-0
RC Villalbés A - CD Lugo B	8-2

CLASIFICACIÓNS

Equipo	Pts	X	G	E	P
UD XOVE LAGO	27	9	9	0	0
SANTIAGO FOZ	22	9	7	1	1
SD RIBADEO "A"	19	9	6	1	2
SD VIVEIRO "A"	18	9	6	0	3
RC VILLALBES "A"	18	9	6	0	3
CD LUGO SADO "B"	12	9	4	0	5
PORTO BURELA "A"	9	9	3	0	6
RC VILLALBES "B"	6	9	2	0	7
SD RIBADEO "B"	3	9	1	0	8
PORTO BURELA "B"	0	9	0	0	9

FINALIZADA A
1ª FASE DA COMPETIÇÃO

PREBENXAMÍN 1º SUR A

RESULTADOS	
Milagrosa B - Residencia	1-7
Sagrado B - Sarriana	3-4
EF Polvorin - Milagrosa C	Susp.
Piringalla C - Piringalla A	1-12
Casás - Corgo	2-6

CLASIFICACIÓNS

Equipo	Pts	X	G	E	P
PIRINGALLA "A"	25	9	8	1	0
SD RESIDENCIA	25	9	8	1	0
SCD MILAGROSA "C"	18	8	6	0	2
CD CORGO	16	9	5	1	3
SD SARRIANA	15	9	5	0	4
SAGRADO "B"	10	9	3	1	5
SCD MILAGROSA "B"	9	9	3	0	6
EF POLVORIN	6	8	2	0	6
C.P. CASAS	6	9	2	0	7
PIRINGALLA "C"	0	9	0	0	9

FINALIZADA A
1ª FASE DA COMPETIÇÃO

PREBENXAMÍN 1º SUR B

RESULTADOS	
Milagrosa A - CP Lucense	5-4
Piringalla B - Monterroso	6-1
CD Lugo A - SD Antas	11-2
Palas - Sagrado A	0-9
At. Abuin - Ferroviaria A	3-5

CLASIFICACIÓNS

Equipo	Pts	X	G	E	P
CD LUGO SADO "A"	27	9	9	0	0
SAGRADO "A"	24	9	8	0	1
SCD MILAGROSA "A"	21	9	7	0	2
CPOL LUCENSE	18	9	6	0	3
PIRINGALLA "B"	12	9	4	0	5
MONTERROSO S.D.	12	9	4	0	5
AD FERROVIARIA "A"	9	9	3	0	6
SD ANTAS	6	9	2	0	7
ATLETICO ABUIN	6	9	2	0	7
PALAS C.D.	-3	9	0	0	9

FINALIZADA A
1ª FASE DA COMPETIÇÃO

PREBENXAMÍN 1º AUTONÓMICA NORTE

O golaverage mete ao Viveiro Club de Fútbol no Provincial prebenxamín

Os celestes gañaron o pasado sábado ao Rácing Villalbés B na Magdalena por 2-9 e, con 18 puntos, os mesmos que o Rácing Villalbés A, estarán no Provincial ao ter mellor golaverage que o conxunto chairego. Unha clasificación que volve deixar en entredito o sistema de competición ao premiar as goleadas.

Na última xornada da primeira fase da Liga Norte

o partido máis igualado foi o empate a cinco goles no derbi mariñao entre Ribadeo A e Santiago de Foz.

O Burela A impúxose na casa ao Ribadeo B, o Rácing A sumou os tres puntos fronte ao Lugo B e o Xove Lago, campión de grupo, sumou o noveno triunfo noutros tantos partidos cunha excesiva goleada fronte ao Porto de Burela B.

SD P. BURELA A	10
SD RIBADEO B	1

Dani B.		Aitor	
Hugo		Teo	
Tome		Dani	
Izan R.	👤	Javi S.	
Breixo	2👤	Miguel	
Fernando		Javi Alonso	
Daniel		Aitor F.	👤
Óscar	4👤	Sergio	
Izan P.		Zyad	
Lucas	👤	Manu	
Tomas	2👤	Fran	
		Mateo	

PREBENXAMÍN 1ª AUTONÓMICA SUR A

Piringalla e Residencia rematan a primeira fase cun balance case idéntico que porán a proba no campionato Provincial

Malia disputarse coa Piringalla A e Residencia A na segunda fase desde a pasada xornada, os derradeiros partidos do ano xogáronse coa intensidade e as ganas dos primeiros. Ninguén escatimou esforzos para tratar de pechar a primeira fase da mellor maneira posible. Os resultados acompañaron finalmente a Piringalla, Residencia, Corgo e Sarriana. Os da Ribela

rematan a fase no mellor estado de forma posible xa que sumaron doce dos últimos doce puntos en xogo. A última vitoria chegou con remontada incluída ante Sagrado Corazón B: os capitalinos puxéronse 3-1 no marcador, pero en apenas cinco minutos entre o 30 e o 35, os sarriaos déronlle a volta ao encontro. Queda por disputar o Polvorín-Milagrosa C.

19

PUNTOS

Piringalla A e Residencia A pechan a primeira fase co mesmo balance: seis vitorias e un empate, o que colleitaron no seu enfrontamento directo A igualdade impoñe tamén noutras facetas: 64 goles a favor para a Piringalla por 63 para a Residencia, e 10 en contra para ambos

PREBENXAMÍN 1ª AUTONÓMICA SUR B

O Sagrado Corazón A impúxose ao Palas e certificou a súa clasificación para disputar a segunda fase canda o Lugo A

Lugo A e Sagrado Corazón A son finalmente os dous clasificados do grupo Sur B para disputar o campionato provincial. Os albivermellos chegaban á última xornada da primeira fase co seu billete asegurado, pero aos branquiazuis tocoulles defender a segunda praza fronte á candidatura da Milagrosa A, que podía aproveitar un traspás dos de Brais para escalar unha posición. A

presión non puido con eles, que non dubidaron nos Chacotes e conseguiron a vitoria que precisaban para selar o pase. Tras inaugurar o marcador pouco despois do minuto 10, os visitantes dominaron o partido con claridade. A última xornada da primeira fase completouse con triunfos de Milagrosa, tras un partido de poder a poder ante o CP Lucense, Ferroviaria, Piringalla B e Lugo A.

9

TRIUNFOS DO LUGO A

Os albivermellos venceron ao Antas e pecharon a primeira fase cun pleno de vitorias. Son o único equipo de Primeira Autonómica Sur que conseguiu sumar todos os puntos en xogo desde o inicio da temporada. Só o Xove Lago entra na segunda fase coa mesma traxectoria imaculada

MILAGROSA B	1
SD RESIDENCIA	10

Martín G.	Marco A.
Uriel	Andrés B.
Mauro	Bruno D. 2
Martín B.	Iker
Nico	Hernán 2
Juan	Lombardía
Diego	Xian
Laura	Aleix
Hugo	Brais C.
	Xavi
	Diego C.
	Álex V.
	Samuel
	Álvaro

Árbitro: FOLGUEIRA RICO, SILVIA

SAGRADO CORAZÓN B	3
SD SARRIANA	4

Marc	Saúl
Samu	Dani
Leire	Raúl
Jairo 2	Javi Bugallo
Diego	Javi García
Bruno	Enzo
Aaron	Rayan
Damián	Manu
Javi	Hugo
Hugo	Álvaro
Xabi	Saúl V.
	Izan
	Alejandro

Árbitro: PENABAD CANEL, TANIA MARIA

PIRINGALLA C	1
PIRINGALLA A	12

Luis	Mohamed
Edgar	Nere 3
Rubén	Álex
Adrián G.	Said
Nico	Xian
Jaime	Nico
Dani S.	Roney 2
Dani Artur	Abel
Iker	Alma
Adri	Mauro
	Dani B. 3
	Mateo

Árbitro: LÓDEIRO SARMIENTO, ANTON

MILAGROSA A	5
CP LUCENSE	4

Manuel R.	Luis
Álvaro	Iker
David C.	Marco
Samuel	Hugo
Diego 2	Diego
Mateo	Nefta 3
Manu Pico	Enrique
Unai	Pablo
Héctor	Sergio
	Yoel
	Iago
	Adri

Árbitro: GUEIMONDE MENDEZ, SUSANA

PIRINGALLA B	6
MONTERROSO	1

Alvarito	Ceci
Jaime	Carlos
Manuel	Hugo
Cobas	Dani
Suhayb	Uxio
Adrián	Lucas Ferreiro
Heitor 5	Brais
Iker	Martín
Guille	Ari
	Adrián
	Lucas

Árbitro: ESTRABIZ CERDEIRA, JORGE

CD LUGO A	11
SD ANTAS	2

Jano	Medela
Antón	Xoel
Leo	Iker Novoa
Pablo	Diego
Mauro 3	Iker 2
Alan 2	Pablo
Yerai 2	Manuel
Hugo 3	
David	
Rubén	

Árbitro: ESTRABIZ CERDEIRA, JORGE

CP CASÁS	2
CD CORGO	6

Nico	Matias
Emilio	Mario
David	Álvaro
Hugo	Xoel 2
Adri	Martín
Brian	Hugo T. 2
Oliver	Mateo
Telmo	Narcis
Joel	Manuel
Anxo	Elias
Bruno	Carla
	Iker

Árbitro: ESTRABIZ CERDEIRA, ADRIAN



Os xogadores de CD Lugo A e Antas saudándose ao finalizar o partido nas Gándaras

PALAS CD	0
SAGRADO CORAZÓN A	8

Edu	Álvaro
Iván	Alexia
Javi	Martín
Marcos T.	Ventura
Samuel	Moha
Dani	Leo
Helena	Brais 2
Martín	Gabriel
Manuel	Eric 2
Marcos	Nico
	Álex

Árbitro: LÓDEIRO SARMIENTO, ANTON

AT. ABUÍN	3
FERROVIARIA A	5

Omar	Unai
Samuel	Diego
Xoel	Nico
Adrián	Samu
Massino	Álex
Adrián Ferro	Cristian
Martín	Xoel
Ángel 2	Youseff
Xoel L.	Iván
Luis D.	Ivi
Yeray	Andrés
Andrés V.	Ilyass 2

Árbitro: VAZQUEZ EXPOSITO, ANAI



Telmo, Cásas, coa pelota ante Álvaro, Corgo, Oliver e Anxo



Bruno co esférico ante Emilio e Hugo Troitiño



Xoel vaise de Adrián, Emilio e Anxo ante a mirada de Elias

mais fotos da xornada na web o próximo martes
www.liderlugo.es



@Lider_Lugo



Lider



@LiderRedaccion



A DEPUTACIÓN
DE LUGO
CO DEPORTE

LUGO SALA

II TORNEO DE NADAL QUE ORGANIZA O CLUB CAPITALINO e ao que acudirán 100 equipos de todos os puntos de Galicia e do territorio nacional

O Concello de Lugo acolleu a presentación oficial do "II Torneo de Nadal de fútbol sala de base" que organizará o club capitalino por segundo ano consecutivo, consolidando un Torneo que nos próximos anos será unha referencia nacional. Este é un campionato que reunirá o 29 e 30 de decembro na fase autonómica ás mellores canteiras do fútbol sala galego coa participación de 60 equipos, mentres que do 2 ao 4 de xaneiro celebrárase a fase nacional coa chegada de 40 equipos de diferentes puntos do país. En total o evento reunirá a máis de mil deportistas que farán de Lugo o epicentro do fútbol sala nacional este Nadal, xa que espera reunir a uns 100 equipos. A competición desenvolverase no pavillón municipal Daniel Córdido Castro, na Casa do Deporte, no pavillón do Palomar e no Pazo Municipal dos Deportes, e como unha das novidades tamén haberá algún encontro no pavillón de Outeiro de Rei.

O II Torneo de Nadal foi presentado na aula de novas tecnoloxías da casa consistorial lucense por parte do Concelleiro de Deportes do Concello de Lugo, Miguel Fernández, o Xefe do Servizo Provincial de Deportes da Xunta de Galicia, Manuel Otero, e o Presidente de Lugo Sala, Marcos Pereira.

No acto de presentación o Concelleiro de Deportes, Miguel Fernández, agradeceu o "traballo espectacular e ambicioso" que está levando a cabo o club Lugo Sala no deporte base da cidade, que é capaz de poñer a Lugo a nivel nacional en datas tan sinaladas a través deste torneo. Así mesmo, reiterou o compromiso de colaboración co deporte do Goberno e invitou aos veciños a gozar con esta competición.

Nas súas intervencións as autoridades lucenses mostraron o seu agradecimiento a Lugo Sala por seguir apostando polo deporte base e sobre todo por eventos desta magnitude, que reunirán a moita xente chegada desde fóra da nosa provincia e que terá a ocasión, non só de vivir o torneo a nivel deportivo, senón tamén de coñecer a cidade, a súa cultura, o seu patrimonio e por suposto a súa gastronomía.

Pola súa banda, o presidente de Lugo Sala, Marcos Pereira, agradeceu ás institucións e empresas a súa achega para que este torneo se poida levar a cabo, e por permitir a Lugo Sala ser o protagonista dun torneo que co paso dos anos converterase nun referente a nivel nacional.



Dúas fases de nivel

O Torneo desenvolverase en dúas fases, a primeira denominada fase autonómica os días 29 e 30 de decembro na que se darán cita equipos do ámbito galego para as categorías prebenxamin, benxamin, alevín, infantil e cadete. Os equipos que consigan o pase para a fase nacional disputarán a mesma do 2 ao 4 de xaneiro para as categorías benxamin, alevín, infantil, cadete e xuvenil.

Para a fase nacional equipos das Escolas do CD Leganés FS, UD Las Rozas Boadilla, Pescados Rubén Burela, Santiago Futsal, Valladolid Tenro Galván, Moprisala Toledo, Lles Corts Barcelona ou Parrulo Ferrol, entre outras, xa confirmaron a súa presenza no torneo.



A DEPUTACIÓN
DE LUGO
CO DEPORTE

